



# NORMAS DE A CASA DO ROCK

Para un mellor funcionamento e aproveitamento das clases, pregámosvos que atendades ás seguintes cuestións:

## • Matrícula e materiais

- As novas matrículas teñen un custo de 25€ para o alumnado de iniciación á música/ritmos/Teatro e de 50€ para o resto do alumnado.
- **O inicio do curso será o primeiro luns de setembro.**
- Non se reservan horarios durante máis de 15 días. **Se o alumnado non asiste á clase, perde a reserva da hora.**
- O alumnado debe traer ás clases o material didáctico que lle facilite o profesorado. Non facilitamos fotocopias de libros con copyright.
- **Para o alumnado que forme parte dun grupo, no caso dalgunha baixa que provoque a asistencia dun só membro non manteremos a mesma mensuralidade. Neste caso poderá elixir entre media hora ou unha hora individual, á espera de novo compañeiro/a.**
- **No caso de aceptar un cambio de horario unha vez comezado o curso, perderase a hora antiga.**

## • Reserva de praza: O importe da reserva de praza non é reembolsable.

Período	Reserva de praza	Alumnado activo curso		Alumnado novo	
De alumnado activo no curso actual para comezar en setembro:		Instrumento	Iniciac Mús/Rit/Teat	Instrumento	Iniciac.Mús/Rit/Teat
<b>1ª Fase:</b> 01/05 - 15/05	Reserva <b>mesmo día-hora-instrumento</b>	25 €	15 €	---	---
<b>2ª Fase:</b> 23/05 - 05/06	Cambio, día, hora ou instrumento. <b>Tramítanse por orde de inscrición.</b>	25 €	15 €	---	---
15/06 <b>Novo Alumnado</b>	Apertura de matrícula para <b>novo alumnado.</b>	---	---	50 €	25 €
A partir do 15 de xuño: As prazas quedan abertas para <b>novas inscricións</b> e para alumnado da 2ª Fase que non reservase dentro do período de prioridade.					
A partir do 1 de Xullo aplícanse matrículas e tarifas novas.					

## • Rockschool

- Rockschool é un título oficial acreditado na Unión Europea polo Plan Boloña integrado no Marco Europeo de Cualificacións (EQF-European Qualification Framework), non estando recoñecido 100% como oficial en España na actualidade.
- Para a modalidade oficial deberá aboarse o libro (25 €) e a taxa do exame segundo o grao ao principio do curso.
- A contía das taxas do exame non será reembolsable no caso de non presentarse ao exame.

## • Pagos

- O método de pago será por domiciliación bancaria. As clases deberán ser aboadas na primeira semana de cada mes.
- No caso da devolución dun recibo domiciliado, o alumnado deberá pagar o recargo correspondente á comisión bancaria.
- No caso de non-pagamento, A Casa do Rock poderá denegar ao alumnado a asistencia á clase, así como ao exame da Rockschool.
- Se o/a alumno/a se matricula entre o 1 e o 15 do mes, pagará o recibo completo, e se o fai entre o 16 e o 31, aboará media mensuralidade.

## • Asistencia e cancelacións

- **Se é preciso cambiar de horario ou anunciar unha baixa, a solicitude farase antes do día 15 do mes anterior, vía e-mail a: [acasadorock@acasadorock.com](mailto:acasadorock@acasadorock.com)**
- **O alumnado que solicite a baixa durante o curso (setembro a xuño, incluídos) poderá realizar unha nova matrícula a partir da 3ª Fase (novo alumnado).**
- O alumnado comprométese a ser puntual ao inicio da clase para o seu mellor aproveitamento.
- Os días non lectivos, ou as clases ás que o alumnado non asista, non serán recuperables, nin se descontarán da mensuralidade.

## • Instalacións e accesibilidade

- O acceso ao centro para persoas con mobilidade reducida realizarase a través das Galerías Goya da Rúa Nova de Abaixo n.º 12.

## • Consultas e información

- No caso do alumnado menor de idade, seus/súas pais/nais ou titores/as legais poden solicitar unha reunión co profesorado ou coa dirección do centro.
- A escola procurará garantir sempre a continuidade do profesorado. Debido á súa mobilidade, poden darse circunstancias e cambios alleos ao centro.

## • Calendario escolar de A Casa do Rock (dispoñible en [acasadorock.com/escola](http://acasadorock.com/escola)). Festivos establecidos para Santiago de Compostela tendo en conta as posibles actualizacións publicadas no DOGA, máis Nadal, luns e martes de Entroido e Semana Santa.

## • Dereitos de imaxe

- Autoriza a A Casa do Rock Escola SL ao uso comercial dos datos persoais propios así como dos datos dos menores ao seu cargo (de ser o caso), facilitados dentro da relación comercial e para poder publicar imaxes/vídeos na páxina web, perfís sociais (Facebook, Instagram, Twitter, Youtube; TikTok) e instalacións do centro, tanto das actuacións en concertos como das actividades organizadas pola empresa. ....SI  NON

## • Solicito a súa autorización para ofrecerlle produtos e servizos relacionados cos datos solicitados e fidelizalo como cliente recordándolle que pode exercer os seus dereitos da forma prevista ..... SI NON

## • Tratamento de datos de clientes e alumnado: Responsable: A CASA DO ROCK ESCOLA SL - NIF: B70320320. Dir. Postal: Av/Rosalía de Castro 33 CP:15701 Santiago de Compostela (A Coruña) Teléfono: 881979660 Correo electrónico: [acasadorock@acasadorock.com](mailto:acasadorock@acasadorock.com).

Tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlle o servizo solicitado, xestionar a relación académica e realizar a facturación do mesmo. Os datos proporcionados (nome, apelidos, teléfono, e-mail, datos académicos) conservaranse mentres se mantéña a relación académica e/ou comercial ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais, en virtude da cal se lexítima o tratamento. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obrigación legal ou sen a súa expresa autorización. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre si A CASA DO ROCK ESCOLA SL está tratando os seus datos persoais, por tanto, ten **dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos, solicitar a súa supresión** cando os datos xa non sexan necesarios, así como exercer os seus dereitos de **limitación, portabilidade ou oposición ao tratamento**. Pode exercer os seus dereitos mediante escrito dirixido a RUA ROSALIA DE CASTRO 33 - C.P. 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) ou por correo electrónico a [ACASADOROCK@ACASADOROCK.COM](mailto:ACASADOROCK@ACASADOROCK.COM). A CASA DO ROCK ESCOLA SL comprométese a dar resposta a súa solicitude no prazo dun mes ampliable a tres por motivos xustificadas. Pode exercitar as súas reclamacións ante a autoridade de control, a Axencia Española de Protección de Datos, en C/ Jorge Juan, 6. 28001 - Madrid.

D./D.ª (nome) \_\_\_\_\_ (apelidos) \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ pai, nai ou tutor/a legal de \_\_\_\_\_, matriculado/a en A Casa do Rock para recibir clases de (instrumento) \_\_\_\_\_

confirmo que lin, entendo e acepto as normas descritas anteriormente

En Santiago de Compostela, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Selo de A Casa do Rock Escola SL

Asinado cliente/alumno/a:

